



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR DO CEIP FERMÍN BOUZA BREY NO CONCELLO DE PONTEAREAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar co Concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 12 de setembro de 2016 ata o 21 de xuño de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto *establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Ponteareas para a xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP Fermín Bouza Brey, con código de centro 36007539, radicado neste concello.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O concello de Ponteareas dadas as características xeográficas e sociodemográficas é o concello no que está radicado o CEIP Fermín Bouza Brey, e por tanto trátase da Administración Pública máis próxima á comunidade educativa deste centro.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre neste centro de ensino público radicado no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos, dada a





demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso educativo complementario sexa xestionado a través do concello para os cursos 2016-2017 e 2017-2018.

No caso do referido expediente, escóllese a fórmula que se adapta ás especificidades das actividades concretas a desenvolver polo Concello de Ponteareas, o cal solicitou expresamente a colaboración da Administración Autonómica, en razón ás circunstancias previas de xestión do comedor escolar do CEIP Fermín Bouza Brey, radicado neste concello, logo de obter previamente o acordo coas respectivas ANPAS sobre a xestión municipalizada dos servizos, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante este convenio a asinar entre a consellería e o concello.

Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios, fundamentada en asinar convenios para a xestión de comedores escolares con todos os concellos que o solicitaron no presente curso, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

A elección do procedemento de concesión directa das axudas, previstos na normativa vixente en materia subvencional, pertence indiscutiblemente ao ámbito competencial propio do órgano xestor. Efectivamente, soamente corresponde ao xestor elixilo por razóns de oportunidade en razón ás situacións dadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

